

Circular FGA-OU-1/2015

CAMPIONATO PROVINCIAL FEDERADO DE CAMPO A TRAVES - TEMPADA 2014/2015

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio do Club Deportivo Aurum, o "CAMPIONATO PROVINCIAL ABSOLUTO DE CAMPO A TRAVES", a celebrar o día 31 de xaneiro do ano 2.015 no circuito de campo a traves de "A Veronza" en Ribadavia – Ourense dentro do II CROSS DE RIBADAVIA.

PARTICIPACION: Poderán participar todos os atletas con licencia federativa, nacional ou autonómica, en vigor para a tempada 2014-2015. Todo aquel atleta que se inscriba e non tramitara a súa licencia federativa pola Delegación en Ourense da F.G.A. terá que presentar na Secretaría da Competición un documento que acredite que ten licencia federativa, nacional o autonómica, en vigor para a tempada en curso. Os atletas que incumplan o presente apartado non poderán participar.

INSCRIPCIONS: Na Web da RFEA mediante o sistema online <https://isis.rfea.es/sirfea2/main.asp>, ata as **20:00 horas do martes 27 de xaneiro de 2015**.

CLASIFICACIONES: Estableceranse clasificacións individuais (en tódalas categorías programadas) e por equipos (na categoría absoluta).

Individuais(*): Nas categorías SENIOR (Nados/as en 1992 e anteriores hasta o ano en que cumplan 35 anos), PROMESA (Nados/as en 1993, 1994 e 1995), XUNIOR (Nados/as en 1996 e 1997), XUVENIL (Nados/as en 1998 e 1999) e VETERAN@S (nas seguintes categorías: **A** de 35 a 44 anos, **B** de 45 a 54 anos, **C** de 55 a 64 anos e **D** de 65 anos en diante) Homes e Mulleres.

(*)Para o Cpto. Provincial Individual contarán únicamente aqueles atletas que cumplan 3 das seguintes condicións:

- Ser cidadán Español (Acreditado mediante o carnet de identidade).
- Ser Ourenseño de nacemento (Acreditado mediante o carnet de identidade ou partida de nacemento).
- Con domicilio legal na Provincia de Ourense (Acreditado mediante certificado de empadramento).
- Estar en posesión de licenza federativa por un club da provincia de Ourense para a Tempada 2014/2015.

Por equipos():** Na categoría ABSOLUTA masculina e feminina. O número de atletas dun equipo e libre, contando para a clasificación os 6 primeiros que cheguen a meta e contabilizando os postos dos 4 primeiros atletas de cada club. Realizando a clasificación da seguinte forma:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos, con exclusión dos que non clasificaran a lo menos a 4 atletas.
- Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubs que enviaron a inscrición no prazo previsto.
- A cada atleta se lle atribuirá un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta nova lista de chegada.
- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
- Será proclamado vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio cuarto atleta rematara máis próximo o vencedor da proba.

(**) Para a clasificación por equipos puntuarán todos aqueles atletas fichados por clubs da Provincia de Ourense.

PREMIOS: Concederanse premios os tres primeir@s clasificados absolutos e premio aos tres primeir@s atletas clasificad@s de cada categoría (xuvvenil, xunior, promesa, senior e veterans A, B, C, e D) e premio os 3 primeiros Clubs da Provincia de Ourense en categoría absoluta, tendo para elo a obrigatorio de asistir a cerimonia de entrega de premiacións.

HORARIO E DISTANCIAS A PERCORRER:

CAMARA DE CHAMADAS		PROBA						
Apertura	Peche	Hora	Categoría	Anos	Circuito A (500 metros)	Circuito B (1000 metros)	Circuito C (2000 metros)	Total Metros
10:10	10:20	10:30	Absoluta Mulleres	1997 e anteriores		1	2	5.000
10:40	10:50	11:00	Xuvenil Homes	1998-1999		4		4.000
11:05	11:15	11:25	Xuvenil Mulleres	1998-1999	1	2		2.500
12:40	12:50	13:00	Absoluta Homes	1997 e anteriores			4	8.000